





REINO FUNGOS

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA – 1º ESO

O último dos reinos a estudar nesta unidade é o **Reino Fungos** como xa lembramos esta clasificación fíxose atendendo a: os **tipos de célula**, a **nutrición**, a **presencia ou ausencia de tecidos** e o **número de células**.



O **Reino Fungos** inclúe organismos **eucariotas heterótrofos** que poden ser **unicelulares** e **pluricelulares**, e sempre son **inmóviles**.
As súas células **poden posuir** unha **parede celular** (similar á das vexetais) pero **NUNCA** presentan **cloroplastos**




Os **fungos unicelulares** adoitan ter **forma redondeada ou ovoide**




Hai fungos minúsculos ou xigantes como o Cogomelo de mel (*Armillaria ostoyae*), que ostenta o título de ser o organismo individual vivo máis grande do mundo cobre máis de (8.9 km²) e a súa idade excede os mil anos

FUNGOS UNICELULARES



Os fungos unicelulares son os fermentos. Viven no chan, sobre as plantas...
Utilízanse para a fabricación de alimentos nas panaderías e pastelerías

FUNGOS PLURICELULARES



O corpo dos fungos pluricelulares está **formado por uns finos tubos** denominados **hifas** que en conxunto **constitúen o micelio**. Os **cogumelos son os órganos produtores de esporas de algúns fungos**, e só aparecen temporalmente cando o fungo se vai a reproducir

AS FUNCIÓNS VITAIS DOS FUNGOS



Nutrición




Heterótrofos

Poden ser saprófitos (aliméntanse de materia orgánica en descomposición), parásitos (aliméntanse de outros organismos vivos aos que lle causan un prexuízo) ou simbióticos (viven asociados a outros organismos, nunha relación de beneficio mutuo)



Relación



Responden ante estímulos do medio como a **humidade** a presenza de **substancias disoltas** no medio, e poden provocar un **maior ou menor desenvolvemento** do seu corpo ou **estimular o inicio do seu proceso reprodutor**




Reproducción

Reproducción asexual, por **xemación** nos seres unicelulares e por **esporas** no resto

Xemación (unicelulares)





Reproducción sexual, por formación de células sexuais, e outras coa unión de hifas distintas e a posterior fusión dos núcleos celulares




IMPORTANCIA DOS FUNGOS – ECOSISTEMAS

Moitos fungos **colaboran na descomposición da materia orgánica** morta nos ecosistemas e permiten a súa **transformación en materia inorgánica**. Algúns asócianse cos raíces das plantas, benefíciáanse mutuamente e forman as **micorrizas**. O fungo achega a humidade e a planta alimento.




IMPORTANCIA DOS FUNGOS – ALIMENTACIÓN

Serven como alimentos. A fermentación dos fermentos produce alcol e dióxido de carbono. O primeiro interesa na **industria vinícola e cervexeira**, mentres que o segundo é importante en **panadería e pastelería** para levarar as masas. **Os cogomelos** dos fungos tamén se usaron dende sempre como **alimento humano**.



IMPORTANCIA DOS FUNGOS – ANTIBIÓTICOS

Os **antibióticos son substancias químicas** que eliminan bacterias ou deteñen o seu crecemento, polo que se usan en medicina para **tratar as infeccións bacterianas**. Na primeira metade do s.XX **Alexander Flemming descubriu o primeiro antibiótico** mentres traballaba com mofos do xénero *Penicillium*



FUNGOS QUE CAUSAN ENFERMIDADES

Algúns fungos poden causar enfermidades como a **micose**. A maioría das enfermidades que causan son leves e afectan a pel, o pelo ou as unllas. Menos frecuente son as micoses sistémicas, que afectan a órganos internos e, polo tanto, comportan maior gravidade,



Oral Candidiasis



Healthy Mouth

Candidiasis

A candidiasis oral é unha infección producida polo fungo *Candida albicans*. Normalmente este microorganismo vive na boca sen causar dano. Pero cando temos baixas as defensas, pode multiplicarse sen control e é entón cando falamos de candidiasis oral.